


Resolución Reitoral do 28 de marzo de 2017 pola que se publica a relación provisoria de cursos de extensión universitaria aprobados para formar parte da programación para o curso 2017 no Campus de Ourense.



Por R.R. do 31 de xaneiro de 2017 convocáronse axudas para a organización de cursos de extensión universitaria para o ano 2017.

Efectuada a revisión das solicitudes recibidas pola Comisión de Cultura e Deporte do campus de Ourense (delegada do Consello de Campus de Ourense), na súa xuntanza do día 24 de marzo de 2017, e tendo en conta o acordo adoptado pola dita Comisión,

Esta Reitoría RESOLVE:

Primeiro.- Aprobar a publicación da listaxe provisoria de cursos de extensión universitaria que formarán parte da programación para o curso 2017 no Campus de Ourense:

Ámbito	Solicitante	Título	Puntuación
Científico	F. Javier Rodríguez Rajo M ^a Carmen Seijo Coello	Retos e perspectivas do uso sustentable dos recursos hídricos	20
Científico	Concepción Pérez Lamela Elena Falqué López	Augas minerais naturais: como capitalas, degustalas e aplicalas terapéuticamente	20
Social	José Antonio Fraiz Brea/ Noelia Araújo Vila	Turismo baseado na cultura da produción tradicional do viño, da cervexa e da sidra. Experiencias únicas en lugares singulares	17
Social	Elena Rivo López	Empresa familiar: goberno e Sucesión	15 (1)
Didáctico	Manuela Raposo Rivas	A sociedade da información (III): preocupacións educativas nun mundo dixital	13,5
Cultural	Xosé M. Cid Fernández Fátima Braña Rey	700 anos da "Festa do Boi" e elementos relacionados	11,5
—	Miguel Anxo Fernández Fernández	A obra audiovisual, suma de talentos	— (2)

- (1) Para o curso **"Empresa familiar: goberno e sucesións"** queda condicionada a súa viabilidade a que se modifique, no prazo establecido no punto terceiro, a persoa designada como secretaria do curso, xa que ésta non é persoal de administración e servizos, tal como se establece na base 3.1.da convocatoria.
- (2) Curso non suxeito a baremación por financiarse íntegramente de xeito externo ao abeiro dun convenio.

Segundo.- Aprobar a publicación da listaxe de agarda de solicitudes:

Ámbito	Solicitante	Título	Puntuación
Social	Jesyca Salgado Barandela Ángel Barajas Alonso Patricio Sánchez Fdez	Sportnomics:do deporte ao ciber- deporte	11,5
Didáctico	Tania Cid Rodríguez Santiago Eduardo Pato Rodríguez	Educación da voz e do discurso: pedagoxía para unha comunicación eficaz	10,5
Técnico	Christian Barral López	Mestría en Motion Graphics con Adobe After Effects	8

Terceiro.- Establecer un prazo de 5 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación desta resolución, para presentar as alegacións que se consideren oportunas perante o reitor.

Ourense, 28 de marzo de 2017

O REITOR

Por delegación (R.R. do 7 de maio de 2014; DOG 13/25/2014)

O Vicerreitor do campus de Ourense



Asdo.: Virxilio Rodríguez Vázquez

Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publica no Rexistro Auxiliar do Campus de Ourense o 28 de marzo de 2017.



Asdo.: María Teresa Díaz Álvarez
Xefa da Área de Servizos á Comunidade do
Campus de Ourense